



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE VILABOA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN SANTRADÁN-SAN ADRIÁN DE COBRES 2015” NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DE SAN ADRIÁN DE COBRES.

En Santiago de Compostela, a 7 de xullo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, José Juan Durán Hermida, presidente de Portos de Galicia, con domicilio a efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, de 15707 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 6.3g) da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e o artigo 9h) do Decreto 227/1995 polo que se aproba o seu regulamento.

Doutra parte, D. José Luís Poceiro Martínez, alcalde-presidente do Concello de Vilaboa, con domicilio aos efectos deste convenio na rúa Toural nº 1, CP 36141 Vilaboa (Pontevedra), facultado para este acto en virtude das competencias que lle recoñece o artigo 21.I.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

O Concello de Vilaboa para dar cumprimento ás súas funcións de mellora, conservación e mantemento do saneamento, está interesado na mellora e ampliación da rede de saneamento municipal coa execución do proxecto “AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN SANTRADÁN-SAN ADRIÁN DE COBRES 2015”.

Así mesmo, Portos de Galicia ten como obxectivos básicos a construción, conservación, mellora, ordenación, xestión e explotación das instalacións, servizos e actividades portuarias que ten adscritas. Co este fin, segue os criterios derivados da busca da modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios, a integración dos portos no contorno municipal e social, dinamizando a actividade portuaria, a relación co mar e, en xeral, o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Esta actuación suporá un efecto positivo tanto para a vila, coma tamén para o porto. Polo que esta infraestrutura ofrece un servizo engadido aos usuarios e para o medio ambiente ao ser unha actuación de carácter sostible, e resulta beneficioso para a explotación portuaria das instalacións de San Adrián de Cobres.

Xa que logo, as Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á execución, mantemento, limpeza e mellora das actuacións descritas e que discorren polo dominio público portuario, formalizan o presente convenio, con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Vilaboa e Portos de Galicia no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario en canto á execución das obras definidas no proxecto co título “AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN SANTRADÁN-SAN ADRIÁN DE COBRES 2015”; facéndose cargo o Concello da licitación, contratación, execución e custo das obras do referido proxecto e da conservación, mellora, mantemento e explotación das obras.



Así mesmo, o Concello de Vilaboa asume o custo da conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellora destas obras no dominio público portuario do porto de San Adrián de Cobres.

Polo proxecto expresado, o Concello de Vilaboa, no que respecta á rede de saneamento proposta, resolve unicamente a mellora e saneamento de edificacións limítrofes sitas fóra do dominio público portuario, e a petición de Portos de Galicia, baixo criterios de economía e medio ambientais, deberá incluírse como parte do proxecto municipal, se é o caso, a canalización conducente á evacuación das augas residuais producidas por tódalas construcións existentes no solo portuario de San Adrián de Cobres, co que se completaría esta actuación de saneamento.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIMEN XURÍDICO

O presente convenio de colaboración, ten carácter administrativo e está excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no seu artigo 4.1.d); rexéndose ós seus efectos polas cláusulas nel establecidas, pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polos principios do citado Texto Refundido para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, pola resolución do 8 de abril de 1.991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1.991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE VILABOA

Coa sinatura do presente convenio, O Concello obrígase a:

1.- A licitación, execución e custo das obras definidas do referido proxecto “AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN SANTRADÁN-SAN ADRIÁN DE COBRES 2015”, respectando as condicións establecidas en terreos de dominio público portuario no porto de San Adrián de Cobres incluíndo, se é o caso, a canalización conducente á evacuación das augas residuais producidas por tódalas construcións existentes no solo portuario de San Adrián de Cobres.

2.- Así mesmo:

– Velar porque a reposición dos pavimentos afectados iguallen ou superen as actuais prestacións en canto a calidade (pavimento de formigón e rego asfáltico) e dimensionamento (espesores, composición, densidades, etcétera), tendo en conta ademais a sinalización viaria final dos pavimentos a repoñer. Particularmente, para manter as condicións estéticas da urbanización do porto deberá pavimentarse toda a zona afectada polas obras. No caso dos viarios, deberá repoñerse todo o viario afectado polas obras con pavimentos ou firmes con capacidade suficiente para soportar o tráfico de vehículos pesados xerados no porto.

Previamente ao inicio dos traballos de reposición deberá contarse coa aprobación expresa dos servizos técnicos de Portos de Galicia.

– Adoptar as medidas e procedementos construtivos axeitados co fin de garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia dos traballos no porto, en especial no referente á entrada e saída de embarcacións e de vehículos do tráfico portuario.

– Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado. Calquera obra de afección destes servizos deberá contar coa supervisión expresa do persoal de Portos de Galicia.

– Tomar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.



– Tendo en conta a natureza dos terreos da zona portuaria deberanse establecer os procedementos construtivos axeitados e medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes.

– Manter en bo estado o dominio público portuario, así como de mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.

Calquera modificación do proxecto, así como a execución de obras non contempladas no mesmo, ou calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

Antes do comezo das obras deberá ter lugar o replanteo das mesmas, para o que o Concello de Vilaboa citará a Portos de Galicia, para delimitar e definir axeitadamente sobre o terreo as actuacións en zona portuaria. Previo a este acto, o Concello de Vilaboa deberá presentar a Portos de Galicia unha separata do proxecto construtivo no que se defina de xeito completo e diferenciado o saneamento proxectado de nova execución e o que xa discorra na actualidade por dominio público portuario, incluíndo a execución, no seu caso, das acometidas ás posibles edificacións portuarias que non se encontren incluídas dentro de esta actuación de ampliación e mellora de saneamento, así como do punto da rede de saneamento no que realizará o enganche. A separata deberá incluír a lo menos memoria, presuposto, planos de planta e perfís e a súa presentación será condición previa e necesaria para poder iniciar as obras obxecto deste convenio. No acto do replanteo concretarase sobre o terreo o trazado preciso das actuacións, que poderá ser reaxustado co fin de facelo compatible coa normal explotación portuaria, debendo ter o visto bo do Xefe da Sur de Portos de Galicia.

En caso de modificación do establecido na acta de replanteo, e previamente a calquera execución, citarase a comisión de seguimento establecida na cláusula V quen resolverá as posibles discrepancias que puideran xurdir.

En aras de preservar o dominio público portuario, Portos de Galicia poderá supervisar en calquera momento a súa execución, e de detectar desviacións ou deficiencias nas obras con respecto ao proxecto e/ou replanteo de referencia requirirá ao Concello de Vilaboa para que as corrixa.

– Unha vez rematadas as obras, o Concello deberá remitir á Zona Sur de Portos de Galicia, planos topográficos coa situación exacta das obras realizadas, indicando as canalizacións das liñas de servizos, seccións tipo, etc.

– Asumir, como encargado da conservación e mantemento unha vez rematadas as obras, o custo de conservación, mantemento, limpeza e, no seu caso, mellora das obras obxecto deste convenio, e a licitación, contratación e execución das obras necesarias para tal efecto.

Calquera modificación das actuacións durante a explotación das instalacións requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

– Manter en axeitadas condicións de limpeza e hixiene (incluíndo a reposición de elementos engadidos, danados, extraviados ou roubados), das obras realizadas.

2.- Entregar sen contraprestación, libre de cargas e gravames. a titularidade das obras de referencia executadas en dominio público portuario a Portos de Galicia, quedando estas, por efecto directo deste convenio, incorporadas de pleno dereito ao dito dominio, formando parte da zona de servizo do porto de San Adrián de Cobres, adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia.

3.- Así mesmo, o Concello expedirá, todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras.

A autorización condiciónase á posible modificación das características e dimensións das instalacións portuarias, de maneira que, no caso de que as mesmas se ampliaran ou modificaran e por Portos de Galicia se considerase necesario desprazar calquera das actuacións ou modificar as súas características, as obras necesarias serán executadas e aboadas polo Concello de Vilaboa seguindo en todo momento as directrices de Portos de Galicia.



Do mesmo xeito se actuaría por interferir coa actividade portuaria e se fora necesario realizar algunha modificación na actuación. A mesma situación produciríase no caso que no Concello se levara a cabo outras actuacións que deixaran fóra de uso as instalacións, polo que correría a cargo do Concello as actuacións conducentes a súa eliminación.

CUARTA. COMPROMISOS DE PORTOS DE GALICIA

Portos de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- Autorizar a execución das obras do proxecto de referencia, podendo supervisar en calquera momento a súa execución segundo se refire na cláusula terceira deste Convenio.

2.- Autorizará ao Concello de Vilaboa para a intervención nos terreos que ocupan as obras para que faga fronte ao cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

Nin as anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio, supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios de xestión e explotación afectados vinculados aos fins portuarios.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha Comisión Mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

A Comisión de seguimento estará integrada por unha Presidencia, que recaerá no presidente de Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vocais, dous nomeados polo Concello de Vilaboa e dous por Portos de Galicia.

A este respecto o nomeamento de Portos de Galicia no proceso construtivo recae nas seguintes persoas:

- O xefe da Área de Infraestruturas.
- O xefe da Zona Sur de Portos de Galicia.

O nomeamento de Portos de Galicia na fase de explotación recae nas seguintes persoas:

- A xefa da Zona Sur de Portos de Galicia.
- O celador-gardapeiraos correspondente .

SEXTA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará as outras para interromper este.

No caso de extinción anticipada do convenio, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ao que segue:

Remataranse as obras orzamentadas e xa iniciadas que aínda estean sen rematar e, en todo caso, aquelas obras que Portos de Galicia determine por razóns de seguridade.

De calquera xeito, e de se-lo caso, o Concello de Vilaboa, segundo o caso, antes da firma da acta de extinción por calquera causa, repoñerá o dominio público portuario nas condicións en que lle foi entregado, en canto ao seu estado, uso e protección, de xeito que as obras revertan en perfecto estado de conservación e mantemento.

No caso de que as obras non poidan iniciarse, deban suspenderse ou desistir de todo ou parte das mesmas, por causa imputable ao Concello, estes aboarán as indemnizacións que correspondan.

SÉTIMA. RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio, non supón asociación algunha ou dependencia entre as partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva do Concello cumprir con cantas obrigas legais lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.



O presente convenio ten natureza administrativa, motivo polo que a xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran suscitarse á súa consecuencia.

OITAVA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións, o Concello de Vilaboa, no disfrute dos compromisos deste convenio e no cumprimento das obrigas do mesmo, asume ao seo único cargo as responsabilidades fronte a terceiros que poida derivarse pola posesión, disposición e utilización da infraestrutura autorizada.

Portos de Galicia non sería responsable en absoluto de calquera dano ás persoas ou cousas que poidan producirse como consecuencia das obras autorizadas.

NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por tempo indefinido.

Calquera das partes poderase apartar do convenio cun aviso previo dun prazo de 36 meses.

DÉCIMA. - PUBLICIDADE.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, con expresión das súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas practicas na Administración pública galega, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

Para cumprimentar o presente convenio en todas as súas partes subscribítese por triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

**O PRESIDENTE DE PORTOS DE
GALICIA**

**O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE VILABOA**

José Juan Durán Hermida

José Luís Poceiro Martínez